

A LITERATURA GALEGA 'PROSCRITA' EN MADRID. 16-21
 ASUMIU ZAPATERO A POLÍTICA ECONÓMICA DA DEREITA? 16-17.
 ESPAÑA. PALOMARES FALA DE COMO SE MANIPULA A PRENSA. 19

2 EUROS
 22.XULLO.10




Suso de Toro.

Periódico semanal
 Fundado en 1907
 Nº1.416

anosaterra

PACO VILABARRO



Xabier López López
 OS LIBROS PRESTADOS

Os protagonistas destes catro relatos non son os libros, senón os lectores. O que agochan as vidas dos que len.

60
 EDITORIAL GALAXIA
 aniversario
 1950-2010
 www.editorialgalaxia.com

Rosalía, o símbolo galego máis internacional

Unha comitiva de escritores e cidadáns lembra o traslado dos seus restos ao Panteón de Galegos Ilustres no 125 aniversario da morte do poeta

Despois de 125 anos, os restos do poeta Rosalía de Castro serán trasladados ao Panteón de Galegos Ilustres.

'O AMOR DA PATRIA ME AFOGA'

Marta Dacosta

"Eu cantar, cantar, canter... Si grasia en cantar non teño / O amor da patria me afoga."

empre con humildade. Rosalía desculpaba a falta de "gracia" dos seus versos, a falta de gramática, porén si deixa ben claro que naceron do máis grande amor á patria, un amor que afoga, e que foron escritos co "maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo". E nós, hoxe, debemos agradecer a aquel esforzo, o seu atrevemento en romper coas barreiras do xénero e da lingua abríndonos camiño, levando a palabra impresa os poemas que lle nacían da alma e que querían, antes de nada, dignificar a Galiza, dignificar o seu pobo e a súa lingua, fermosa e útil, capaz de rir ou chorar, e sempre de dar conta dos nosos pesares, axeitada para criticar unha España que lle viraba as costas a esta rica patria, espoliando os seus recursos, entre eles os seus mozos emozas, tratados como negros na emigración a Castela. Rosalía sabía perfectamente o que quería transmitir e asumíu conscientemente ese cometido: "Así mo pediron / na beira do mar... / na beira do río... / que cante e que cante / na lingua que eu falo." E tomando o seu exemplo e a súa palabra reclamemos o que nos pertence, sen medo do moucho, berrando alto e forte, por riba dos valados de "tantas cousas que... parecen trampa", que reivindicamos un completo uso público do Panreón de Galegos Ilustres, un espazo laico de xestión pública, aberto ao pobo que decidiu levar alí os seus símbolos nacionais para honralos e lembralos, aberto á sociedade que o día 15 demostrou, unha vez máis, a seu amor á nación de Rosalía.

Tomando o seu exemplo, reclamemos o que nos pertence



NARRATIVA

Literatura de proximidade

Xuvia-Neda

Autoría: Vicente Araguas

Edita: Xerais (126 pp.)

"Xuvia, como un amor que se deixa agardando a chuvia mansa", así reza o título do poema que logo di: "Así é como te vexo despois de tantos anos / adoptando o teu nome, / deixándome levar por ti", abrindo a *Xuvia-Neda* (Sociedade de Cultura Valle Inclán, 2008). En *Xuvia-Neda* revisitada hai guateques, autos Austin Rover, o Hispano-Argentino, peixeiras, froiteiras, e está o Portazgo e tamén Toeira, Xuvia, Neda, moita poesía de dentro e tamén algunha prosa fronteiriza desas que chaman poéticas, quizá como premonición, aviso, de que esta revisitación non ficaba completa nos versos e precisaba anhear espazos na tentativa, inútil mais imprescindible, *noblesse oblige*, dun afecto, dunha gratitude que non se dá lindado entre as marxas xenéricas.

Hai lugares e hai xentes que deixan unha pegada tan fonda que son todo o mundo. Insírense así, tanto a *Xuvia-Neda* como este *Xuvia-Neda*, no que podemos chamar *literatura da proximidade*, unha sorte de literatura que chouta entre os xéneros e se aproxima ás xentes e os lugares dos que nace, unha literatura da gratitude e homenaxe que non está de máis ir etiquetando, pois xa son moitos os casos exemplares (ás veces con nomes tan importantes como o caso de Castela).


Ben difícil será achar outra expresión literaria onde exista tal grao de proximidade entre o obxecto literario e a personalidade

FICCIÓN

- 1. **A Intervención**. Teresa Moure. Xerais.
- 2. **Setecento**. Marcos Calveiro. Xerais.
- 3. **Nunca te vin chorar**. Miguel Suárez Abel. Galaxia.
- 4. **Bilbao-New York-Bilbao**. Kirmen Uribe. Xerais.
- 5. **Unha bonita escapada**. Anna Gavalda. Galaxia.

NON FICCIÓN

- 1. **En castellano no hay problema**. C. Callón. Xerais.
- 2. **55 mentiras sobre a lingua**. X. H. Costas. Laiovento.
- 3. **Así fan os balladores**. VV AA. Dos Acordes.
- 4. **Instrumentos tradicionais**. S. Carpintero. Difusora.
- 5. **A cocía de Larpelos**. Benigno Campos. Galaxia.



Vicente Araguas.

caral que o inspira, confundíndose, en tantas ocasións, nunha confusión que lle achega, de maneira moi salientábel, o mundo lido ao lector, consecuencia de que é o mundo máis íntimo e queendo do autor. Certo é que, en tantas ocasións, esta literatura pode resultar soporífera, danada dun costumismo, dun enxebriismo, dunha inxenuidade literaria malos de aturar. Mais, tamén, velai, o caso contrario, lecturas dunha fina tenrura, dun realismo que ceibou do costumismo enxebriista, dunha melancolía e humanidade encomiábeis, que transmiten unha calor duradeira, desas que che quedan sempre dentro.

Xuvia-Neda é unha colección de vinte e oito relatos que teñen Xuvia e Neda como referente imprescindible, unha Xuvia e unha Neda que son as súas xentes, de xeito que o volume consiste nun fiado que vai facendo aparecer polas súas páxinas unha grande cantidade de personaxes a medio camiño entre o verismo realista e a xustiza sentimental do contributo á formación humana do propio autor. Ese territorio máxico ao que só se ten acceso desde estas páxinas de Vicente Araguas (e xa é mérito) ou por un contacto di-

recto... se o espírito receptor está capacitado para recoñecer ese enorme caudal humano, no caso de viviren aínda e non seren unicamente produto literario, de xeito que este libro constitúe o único acceso universal á maxia dese mundo.

Personaxes como o de Fando ou Fandiño, que está en grande parte dos relatos, ten tantos visos de realismo que ben se puidera pensar atopar na rúa máis que só é seguro atopalo nestes relatos de Araguas. Son moitas as personaxes que turran por aparecer na nómina, mais o caso de

Fando / Fandiño resulta especial, pois a súa presenza confírelle continuidade e contigüidade aos relatos, ao ser protagonista nuns casos e testemuña noutros.

Un narrador excepcional sabe, coa palabra, coser personaxes e realidades moi diferentes (mesmo distantes milleiros de quilómetros) e facer que convivan harmonicamente.

A prosa de Araguas é valente e sabe fuxir moi ben dos perigos que, como xa apuntamos, espreitan este tipo de escritas, fundamentalmente a estampa costumista enxebre e inxenua (o autor era moi consciente do reto). Frases coma esa de "cando

as nubes son boa xente", por forza atravesada de melancolía, non se deixan cegar na molición. A nostalgia non lle pon cancelas á dureza que, tamén por forza, ha de aparecer nuns relatos que se desenvollen maioritariamente nos anos do franquismo, percorrendo tamén as miserias dun tempo no que ser persoa non era doado. Mais, como bo narrador, non necesita cebarse, sabe suxerir con delicadeza, con toda a delicadeza que lle merecen as personaxes, reclamando un lector intelixente que saiba extrapolar a partir e aí.

Como música de fondo, ben pode soar algo de Cesária Évora ou de Jonh Coltrane, que lle prestarán ao lector e transformarán o ton literario en sonoro.

X.M.L. Eyre

ENSAIO

Rosalía, a brecha que corta o tempo

O clamor da rebelión. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo

Autoría: María Pilar García Negro.

Edita: Sotelo Blanco.

A vida cultural da nación, que comezaba a despertar, portaba o carimbo da rexeneración emparellada á reacción. Na Galiza non existían as bases para un forte desenvolvemento cultural, non era terreo propicio para que puidese emerxer o espírito libre. As xanelas estaban fechadas con tixolos. O ar do mundo non podía entrar. Unha metódica censura, unida a unha forte autocensura, vixiaba a vida social e política e, portanto, a literatura.

Mais, de repente, como unha brecha que corta o tempo e produce a «historia» (por parafrasearmos unha metáfora de Hanna Arendt), aparece Rosalía e >>>